

De Ánxel Casal a Rosalía de Castro Itinerario polas rúas de Compostela

Marta Dacosta Alonso

Unha iniciativa da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

O texto deste roteiro é froito da colaboración coa Concellaría de Cultura do Concello de Santiago de Compostela en 2010

A súa xeorreferenciación na sección "O Territorio do Escritor/a" da web da AELG (www.aelg.org) foi posíbel grazas a un convenio coa Consellaría de Cultura e Turismo en 2011

asociación de escritores  **en lingua galega**



**XUNTA
DE GALICIA**

Galicia

Será a miña xeración quen te salve?

Irei un día do Courel a Compostela por terras liberadas?

Non, a forza do noso amor non pode ser inútle!

Uxío Novoneyra, *Os Eidos*

Camiñante:

Andas Compostela e coñeces todos os lugares obrigados que deron notoriedade a esta vila de pedra que só coñece o sal do mar a través dos voos estridentes das gaivotas que soben polo Tambre. A cidade nunca te deixou indiferente, ningún dos seus recantos, mais hoxe quero propoñerche un paseo polas rúas empedradas que non pasan polo Obradoiro, un paseo para deterte e abrir os ollos da imaxinación e soñar a aqueles que habitaron un día Compostela ou comprobar como a cidade deixou unha pegada indelével nas escritoras e nos escritores de noso, que tantas veces escolleron como escenario das súas obras as rúas polas que hoxe transitas.

Calquera itinerario sería idóneo, por iso che pido permiso para volver ao ano en que coñecín Compostela, ao impacto dunha vila sen mar, onde a chuvia e o frío estaban tan presentes. Pasei aqueles primeiros meses nun ático da rúa Xasmíns, mesmo ao lado da casa dos escritores Helena Villar e Xesús Rábade, como sabería anos despois, a casa en que se criaron a tamén escritora María do Cebreiro e o pianista Abe Rábade. Agora recoñezo que era a el a quen escoitabamos tocar o piano aquelas tardes de profunda invernia. Desde o meu ático case vía as torres da catedral, e foi entón cando comecei perfilar o que sería o meu primeiro libro de poesía: *Crear o mar en Compostela*, un libro que, como indica o seu título, naceu para traer o sal ás rúas de pedra da vila que me acollía:

Un arrecendo de escumas agarda nos recantos

e as imaxes das baleas van detidas nas pedras.

O aire está salgado neste soño

de crear o mar en Compostela.

Os últimos anos que vivín en Compostela, cando xa non era estudante, foron na Avenida de Rosalía de Castro, a escritora que pechará este itinerario. Por iso escollín este percorrido, o que vai da explanada de Xoán XXIII á estatua de Rosalía na Alameda compostelá, porque foi a tarxeta de presentación desta cidade que me cativaría, como antes cativou, como sempre cativará a tantos outros e outras. Ao propio Novoneyra, que abre este paseo literario. O poeta do Caurel amou e viviu Compostela, colocándoa no noso destino colectivo como símbolo da liberación do noso país. Outro compañeiro de xeración, Méndez Ferrín, destacado poeta que hoxe preside a Academia da Lingua Galega, dálle a Compostela este mesmo valor simbólico:

En Compostela está o que perdemos

E vai nacendo noutros e esto é o grande milagre...

De Con pólvora e magnolias.

Comezamos o noso itinerario percorrendo a **explanada de Xoán XXIII** e deixando á nosa esquerda, pois camiñamos ao encontro da fachada do Convento de San Francisco, a Biblioteca pública municipal que leva por nome, naturalmente, Ánxel Casal, o derradeiro alcalde

republicano da cidade, responsábel da editorial Lar, xunto con Leandro Carré, editorial que publicaría, entre outras, a revista Nós, a que foi unha das máis senlleiras publicacións da primeira metade do século XX. O derradeiro número desta revista, o 139-144, morreu no prelo sen ver a luz, por mor da sublevación militar fascista, a mesma que asasinou a Anxel Casal, quen foi “paseado” o 19 de agosto de 1936.

*Eu coñecín a Nóvoa Santos, dixo Casal. Editeille algún escrito e podo dicir que eramos bos amigos. Un portento, ese home. En demasía excepcional para este país tan ingrato.
O alcalde de Santiago, que adicaba o seu modesto peculio á edición de libros, fixo unha pausa...*

Manuel Rivas retrata a Casal preso na Falcona, o cárcere compostelán en que sitúa a súa novela *O lapis do carpinteiro*, unha das máis destacadas, xunto con *Os libros arden mal*, entre outras. Ao chegar ao **convento de San Francisco**, na rúa chamada Campiño de San Francisco, buscaremos unha inscrición na súa fachada que narra as orixes do convento, alí se di que San Francisco de Asís mandou construír o convento a Cotoi, un carboeiro que atopara un tesouro. O lugar en que se ergue o convento desde o século XIII pertencía ao convento de San Martiño Pinario, polo que logo pasaremos, que o cedeu polo pago anual dunha cesta de troitas. Cando teñamos contemplada a fachada do século XVIII, subiremos pola Rúa da Costa Vella, mais antes non deixemos de ollar á nosa dereita a fachada da Facultade de Medicina, aquela en que, entre 1903 e 1909 estudou Castela até obter a licenciatura, ou onde en 1968, mesmo antes do maio francés, os mozos estudantes de Compostela puxeron poesía e música ao combate contra a ditadura e assistiron ao nacemento de Voces Ceibes, como Xosé María Álvarez Cáccamo:

Celso Emilio foi tamén un dos protagonistas incuestionábeis do primeiro Recital da Nova Canción Galega –de onde saíra despois o grupo Voces Ceibes–, celebrado no paraninfo da Facultade de Medicina o día 26 de abril de 1968, ao que asistín, afervoadado como o resto dos preto de dous mil estudantes alí congregados. Viñamos de case dous meses de folga e manifestacións, que continuarían un tempo máis...)
De Memoria de poeta.

Ao chegar ao alto da Costa Vella, colleremos á nosa dereita en dirección ao adro da **igrexia de San Martiño Pinario**. Vemos hoxe a fachada da igrexa deste mosteiro como foi reedificada no século XVI, sendo xa o mosteiro máis poderoso de toda Galiza, mosteiro beneditino que foi edificado por primeira vez nos finais do século IX, sobre os restos da capela de Santa María da Corticela.

Na súa pobre cela do mosteiro de san Martiño, Mateu Lopes fala polo baixo co seu convidado... O alarife portugués xa vai para uns anos que fica como mestre de obras do cenobio dos bieitos rivalizando co seu compañeiro Arce o vello, mestre de obras da catedral en algo máis que o trazado das fachadas, bóvedas, capelas e campanarios.

É unha das moitas veces que os protagonistas de *Festina Lente*, do novelista Marcos Calveiro, Premio Ala Delta de Literatura Infantil por *O Carreiro de Bagdag*, están situados neste mosteiro, que pasa así a ser un dos locais composteláns en que a confabulación entre os canteiros e a rivalidade se traduce en mortes e traizóns, en pleno século XVI.

Tres séculos máis tarde, en 1846, San Martiño serviría de refuxio ao chamado “Exército Libertador de Galicia”, dirixido por Solís e Rubín de Celis, durante un levantamento liberal contra

a ditadura de Narváez despois de ser derrotados o 23 de abril. Hoxe esta igrexa de San Martiño serve de espazo para exposicións e concertos.

Polo lateral do adro vemos a baixada á rúa da Moeda Vella, que hoxe ten reminiscencias literarias por situar nela o poeta vigués Román Raña a súa novela *O crime da rúa da Moeda Vella*, novela que recibira o premio Blanco Amor e que foi publicada en 1989, nun momento en que os poetas que destacaran durante os anos 80 comezaron publicar novela, nomeadamente novela negra, nunha procura colectiva de consolidar o xénero e diversificar a súa temática.

Saíndo da Praza de San Martiño pasamos polo local da **Asociación Cultural O Galo**, entidade que se significa na actividade cultural en Compostela, sendo unha das de máis traxectoria e que máis ten loitado pola normalización cultural de Galiza. Un pouco máis adiante pasamos tamén polo **Atlántico**, o bar en que, a principios da década de 90 do século pasado, tomaron pulo as contadas. Por aquí pasaron Quico Cadaval, Cándido Pazó, Avelino González, Paula Carballeira e tantos outros actores e actrices aos que anos despois recoñecemos polo seu labor no teatro e na televisión.

Camiñamos cara á **casa da Troia**, que dá nome á rúa en que se atopa. A casa da Troia fíxose famosa naquel cine dos anos 60 en base a unha novela de Pérez Lugín, moi do gusto da época. Hai un museo que reproduce unha pensión de estudantes do XIX. Mais reparamos na casa da Troia porque leva a nosa mente á tuna, e así acabamos por lembrar a Castelao compoñendo o poema Lela, escrito para ser cantado por un coro de estudantes, cun propósito claramente humorístico:

*Están as nubes chorando
por un amor que morreu
Están as rúas molladas
de tanto como choveu
Lela, Lela,
Leliña por quen eu morro
quero mirarme
nas meniñas dos teus ollos*

Podemos supor que Castelao se inspirou para a ambientación desta peza na súa época na tuna compostelá, no curso 1906-1907, onde destacou polas caricaturas que realizaba. Dicur "a casa da Troia" era facer referencia a ese determinado xeito de vivir a época universitaria, como recolle o propio Castelao na conferencia: "Humorismo. Debuxo humorístico. Caricatura.":

Na miña primeira mocidade dina da Casa da Troya, cando a miña ialma sufría de xarampón e non pensaba máis que en saír de tuno tocando a guitarra polas rúas, fixen os primeiros debuxos humorísticos... (Manuel Rei Romeu, Alfonso Daniel Castelao)

Desembocamos na rúa da **Acibechería** que, se a collemos cara á dereita, nos leva á praza do mesmo nome. Mais nós entramos pola rúa Vía Sacra para descender por unhas escadas en que atopamos a pequena e estreita porta da **igrexa de San Paio de Antealtares**, en que está o órgano e o coro das monxas de clausura e onde, en ocasións, se poden escoitar fermosos concertos, mentres o camiñante se resgarda da chuvia, uns minutos. Esta igrexa de San Paio, coa súa talla na porta, pertence a outro convento bieito, desta volta de monxas de clausura, tamén do século IX. Ao saír dámos unha rápida ollada á Casa da Parra e á praza da Quintana, reparando na fachada formada polo convento de clausura, e vemos polos ollos de Marilar Aleixandre quen, en *Tránsito dos gramáticos*, novela que leva o nome dunha das rúas que sae da Praza de Mazarelos para desembocar na Virxe da Cerca e é en si mesma unha guía da cidade que pisamos, di:

... pasa á Quintana dos mortos, é dicir, o lugar onde estaba situado o cemiterio anexo á catedral, e sobre todo dedica uns minutos a observar atentamente a parede do Mosteiro de San Paio que tes á túa dereita. Olla ben, aínda que pareza só un muro con fiestras de reixa, estás diante do que o grande arquitecto Aldo Rossi describiu como a peza de construción máis fermosa de Europa. Admira as súas proporcións. Podes fotografala (precisarás gran angular). Apreciara-las marcas onde, en tempos, estiveron situadas a lápida en memoria do batallón literario e unha cruz.

Marilar Aleixandre di extraer esta información da Guía Bantan, *Europa en quince días*, para a que ela imaxina unha 8ª edición en galego (realmente sería posíbel acadarmos unha 8ª edición dunha guía de viaxes, cando practicamente non existen guías en galego que non sexan sobre lugares do noso país? Pensa, camiñante)

A narradora e poeta Marilar Aleixandre, que dá nome a un parque situado na rúa Barcelona, menciona a lápida do **Batallón Literario**, un batallón que se formou ao longo dos séculos en varias ocasións para loitar contra os invasores ou para unirse ao levantamento de Solís, de quen mencionamos que se refuxiou en San Martiño Pinario e que remataría co fusilamento dos mártires de Carral. Nos inicios do XIX, o Batallón constituíuse con estudantes da Universidade de Compostela para loitar contra a invasión francesa. Daquela, á fronte de batallón puxeron ao Marqués de Santa Cruz de Rivadulla, que nese instante foi merecedor do título de doutor de todas as facultades para poder dirixir aos voluntarios estudantes. O seu estandarte era a nosa bandeira, azul e branca, que portaba os escudos do antigo Reino de Galicia e de armas da Universidade. Foi este batallón o que inspirou, máis de 170 anos despois, outro máis pacífico, o batallón literario da Costa da Morte un grupo poético nacido ao abeiro da Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade, de Cee, integrado por varios dos que logo acadarían recoñecemento literario nestas mesmas rúas de Compostela, nos seus pubs, cando á noite, xa iniciada a década dos 90 do século XX, convocaban a todos os que quixeran a escoitar os seus versos. Miro Villar e María Lado, son dous destes poetas que un día chegaron a Compostela, como tantos outros estudantes, e quedaron prendidos nas súas ruelas:

*todos os trazos redondos das letras
recordan o calor pequeno das castañas
que agariman as manoplas dos escolares.
deste xeito,
aínda que as esquinas do toural corten coma fío
a enfermidade nunca poderá alcanzarnos.*

María Lado, *Berlín*.

*Se algunha vez eu debo partir como Odiseo
prefiro voltar sempre vencido a Compostela.
Non me importa a derrota se ti me identificas.*

Miro Villar, *Equinoccio de primavera*

Agora retornaremos sobre os nosos pasos para subir cara á **praza de Cervantes**, tamén chamada praza do Pan ou do Campo, como nos ensina Otero Pedrayo. O certo é que, non sei se por estar presidida polo busto do autor do XVI, sobre quen se ten discutido unha posíbel procedencia galega, non outra cousa din os seus apelidos, é unha praza de ecos literarios. Hoxe atopamos nela a Librería Couceiro, onde nos deteremos e entraremos, chova ou non:

*Chove tanto que recupero aquela sensación infantil de te-los pés mollados...
Refúxiome na librería de Suso Couceiro e pouco me falla para me saudar ó me topar
no espello...*

Alfredo Conde, "Memoria de Agosto", *A Nosa Terra*.

A **Libraría Couceiro** é unha institución en Compostela, lugar de referencia para estudantes que procuran os seus libros, e lugar de encontro para a celebración do nacemento dun libro, unha charla, un debate... Marilar Aleixandre en *O coitelo en novembro* recrea no capítulo titulado "Cervantes seis". Nel imaxina as vidas anteriores desta casa estreita. No século XIX casa dunha muller viúva e desafiuzada, quen viu un día, entre bambolinas, actuar á propia Rosalía en Rosamunda. Durante a ditadura franquista predio que acollía a mozos que loitaban contra a represión:

*A muller estendeu a man e colleu un libro da esparxa. Cervantes seis, murmurou
lendo o título escrito no lombo. O título chamara a súa atención pois era o enderezo
da librería onde se encontraba: praza de Cervantes, número seis. O libro parecía
vello...*

Ao saír da librería, detémonos na contemplación da praza, a mesma praza pola que transitan as personaxes de López Ferreiro en *A tecedeira de Bonaval*, en pleno século XVI. Ou pola que atravesa Adrián Solovio no seu regreso ao País e á súa propia realidade, en *Arredor de si*, a novela de Otero Pedrayo sobre a descuberta de Galiza pola súa propia xeración:

*O chofer métese polas Casas Reais, a Praza do Pan, a Azabachería ... Adrián
endexamáis sentira un asoballamento igoal... Adrián decatábase de qué xeito se
enchía no seu ser un oco hastra entón angustioso, agora cheo de seguridade e
esperanza.*

Ou lugar en que Luís Seoane coloca a fogueira para as bruxas, no seu poema "A meiga belida", do libro *Na brétema Sant-Yago*:

*Diante dos sacrificadores cos seus hábitos,
a folga do púbrico en procesión,
precedida pol-o pregoeiro, foi aducida
deica a lumerada da Praza do Campo,
onde queimaron virxen a belida meiga
a pesares da súa preitesía carnal co demo.*

Continuamos pola rúa do **Preguntoiro**, se cadra unha das rúas máis transitadas de Compostela, unha rúa comercial, na que ten as súas instalacións o xornal *El Correo Gallego*. Entrando pola rúa do Castro pasamos polo Pub Pepa a Loba, nome de reminiscencias históricas e literarias. Alí no Pepa a Loba escoitamos os versos dos poetas dos 90, entre as súas paredes recitaron Rafa Villar, Estevo Creus, Eduardo Estévez, Paco Souto, Yolanda Castaño...

Dirixímonos agora á **praza da Universidade**, onde se ergue a impresionante fachada da Facultade de Historia. No seu primeiro andar está a Aula Magna da Universidade, lugar solemne de importantes celebracións. Entrei por primeira vez nela en xaneiro de 1988. Estudaba 4º en Filoloxía, comezando nese ano os estudos de Galego-Portugués. Nesa data Francisco Rodríguez procedía á lectura da súa tese sobre Rosalía de Castro, dirixida pola que ao ano seguinte sería a nosa profesora de Literatura portuguesa, a profesora Pilar Vázquez Cuesta. As estudantes de

filoloxía acudimos en masa ao que considerabamos un acto de inmensa importancia: o doutoramento de Francisco Rodríguez cunha obra que sabiamos, como logo se demostrou, que era o pilar fundamental e definitivo no estudo da obra de Rosalía de Castro. Os asistentes non cambiamos na Aula. Todos e todas saíamos convencidos de que acabamos de asistir a un momento histórico.

Nesta praza da Universidade ecoan aínda os compases do *Pietat Signore* cantado en honra de Rosalía o 15 de xullo de 2010 en que a sociedade civil galega, convocada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, volveu realizar o percorrido que un día, o 25 de maio de 1891, fixeran os seus restos cara a San Domingos de Bonaval, inaugurando o Panteón dos Galegos Ilustres. Non ía soa Rosalía naquela derradeira viaxe, senón que ía acompañada por toda a sociedade galega representada nos seus fillos máis ilustres, como foi debidamente lembrado no ano 2010, e como entón foron varias as paradas en que as escritoras e os escritores galegos leron textos da nosa autora.

Nesta praza, por fronte da Facultade, está a casa do “bo galego, bo sacerdote, bo historiador, bo literato” Antonio López Ferreiro, como podemos comprobar na placa conmemorativa. Este escritor escribiu tres novelas históricas: *A tecedeira de Bonaval*, xa citada, e o *Castelo de Pambre*, ambientadas no XVI e *Niño de Pombas*, localizada no século XII.

Aquí, na Facultade de Historia impartiu docencia Otero Pedrayo, o escritor, o mestre, o patriarca que foi elo de unión de xeracións separadas por unha guerra cruel e unha longa represión. Represión que sufriu o propio Otero, quen foi suspendido no seu emprego de catedrático nun instituto de Ourense en 1936, non sendo repostado até 1949. A Otero Pedrayo lembrámolo como un mestre benévolo, estudoso da xeografía galega e afábel conversador que reunía ao redor de si os mozos que logo emprenderían importantes empresas para o noso país.

Pegada á praza da Universidade está a **praza de Mazarelos**, ao pé da porta do mesmo nome. Di no libro dos *Miragres de Santiago* (“verdadeira xoia da prosa medieval galega... manuscrito da primeira metade do século XV”, Xosé Ramón Pena, *Literatura galega medieval*) que por esta porta entraba o viño para a cidade de Compostela:

As entradas das portas son septe: a primeira entrada he a porta do camiño françes; a segunda he a porta da Pena; et a terçeira he a porta do Santo Romeu que vay para a treydade; et a quarta a porta de Fageiras que vay para Padron; et a quinta a porta da Mamoá; et a seista he a porta de San Françisco; et a septima he a porta de Maçarelas por hu entra o preçioso viño aa çidade de Santiago.

Con esa fachada de convento temos ante nós o que nun tempo foi o edificio da Facultade de Filoloxía e que logo acollería temporalmente a Facultade de Xornalismo. Nesas aulas a lingua galega converteuse en materia de estudo universitario e chegou a licenciatura. Aí impartiu docencia Ricardo Carvalho Calero, o autor da *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, aínda vixente, libro fundamental para a historia da nosa literatura, como tamén o foi a *Gramática elemental do galego común*. Poeta e dramaturgo, Carvalho Calero incorpórase a esta facultade en 1964.

Dirixímonos agora á **Rúa Nova**, onde atopamos á nosa dereita os soportais que nos conducen ao **Teatro Principal**, hoxe teatro municipal, que non só acolle os eventos teatrais, senón tamén os cinematográficos como Cineuropa. Este teatro ve os certames do *Tíralle da Lingua*, organizado pola AS-PG, en que as rapazas e os rapaces lle sacan brillo á súa creatividade para nos regalar fermosísimas parrafeadas no noso idioma. Tamén escoita os compases das bandas compostelás interpretando poemas das nosas escritoras e escritores. En 1988 o Teatro Principal acollía as alumnas e os alumnos máis teatreiros de filoloxía. Aquel ano, ademais dos habituais grupos teatrais de xermánicas e español, presentábase por primeira vez o grupo de teatro de galego. Dirixidos por un novísimo Roberto Salgueiro, quen logo seguiría sendo director teatral e

acadaría o premio Álvaro Cunqueiro, estudantes que logo saltarían aos escenarios do teatro e a televisión, como Artur Trillo ou Paulo Rodríguez, interpretaban xunto con outros compañeiros e compañeiras *O Incerto Señor Don Hamlet* de Cunqueiro. Soamente o feito de que por primeira vez a facultade contase cun grupo de teatro no noso idioma era xa unha nova de seu. Mais a función tivo que ser interrompida por mor dun anuncio de bomba e público e actores tivemos que saír á rúa e agardar permiso para continuar. E continuamos, procurando non perder o fío nin a compostura dramática, eu poñéndolle a voz ao Coro que vía morrer a Hamlet.

De camiño ao Toural pasamos polo **Salón Teatro**, o vello cine que foi restaurado para se converter en sede estábel do Centro Dramático Galego. Aquel cine en que refuxiados debaixo dos nosos abrigos para non nos conxelar de frío, viamos *Continental*, no ano da súa estrea, 1989, a película de Xavier Villaverde que consideramos daquela un incipiente cine galego. Contra o teito do cine, os radiadores atados ás columnas non conseguían quentar o local.

Ao chegar á **Praza do Toural**, cruzámola reparando no **Pazo de Bendaña**, hoxe sede da Fundación Granell, co seu Atlas expectante na porta. Carlos G. Reigosa descríbenos a praza na súa novela *Crime en Compostela*, unha das primeiras e máis soadas novelas negras da literatura galega:

Foron xuntos ata a Praza do Toural, animada polo bulicio dun grupo de nenos que xogaban arredor da fonte central. Sobre a man esquerda, Carlos Conde amostroulle o Palacio dos Marqueses de Bendaña, de fins do XVIII, que resume con acerto na súa fachada os sentimentos que impeliron o tránsito do barroco ó neoclásico. Nivardo detívose a contempla-la escultura de Atlas sostendo o mundo que coroa o edificio e parou mentes na canseira espiritual que denotaba a actitude física –encurvada, alombada- do héroe olímpico.

Na praza do Toural sitúanos Carvalho Calero nos seus *Escritos sobre teatro*, editados por Laura Tato:

Eu recordo sempre cando Castelao, na praça do Toural de Santiago de Compostela, me referiu o argumento desta obrinha que tinha entom no tear da sua imaginação (reférese a Os vellos non deben de namorarse, ideada primeiro como tres pezas independentes), ou, quiçá, estava já em parte escrita nas quartilhas. Nom pensava entom Castelao em fazer umha trilogia.

Sáimos cara á Porta Faxeira e chegamos á **Alameda de Compostela**, o paseo que bordea a capela de Santa Susana, a terra batida que lembra todas e cada unha das manifestacións que recoñecen neste lugar de Compostela o epicentro do futuro, reclamando o noso dereito a sermos unha nación ou a vivir na nosa lingua. A mesma Alameda que acolleu no ano 1936 os mitins en prol do Estatuto de Autonomía. A mesma Alameda que anos despois vía pasear a Coralía e Maruxa, testemuñas da traxedia desencadeada polo golpe fascista, o golpe que tronzou vidas e pobos, este pobo que anos despois alzaba novamente a voz para proclamarse nación e reclamar o que lle corresponde.

Coralía e Maruxa Fandiño permanecerán para sempre na Alameda, tributo á súa tristura interminábel, como unha pregunta sobre o noso pasado, ese que nunca debemos esquecer para que non sexa repetido. Elas, como moitas outras mulleres, sufriron a represión en carne propia desenvolvendo cos anos un comportamento non considerado normal pola sociedade, mais que como di o escritor Rivadulla Corcón, autor dun documental sobre as súas vidas: "Moita xente que se sentía afogada polo réxime e que non se rebelaba por temor a represalias, vía nas *Marías* ese berro de liberdade."

Esta Alameda, foi o lugar que inspirou a localización dos *Diálogos da Alameda de Santiago*, escritos anonimamente en 1820 e que, como nos explica Carvalho Calero, son arengas en favor

dos liberais e contra os absolutistas, escritos en galego porque esa era a mellor forma de conectar coa sociedade da época, unha sociedade que se desenvolvía con normalidade na súa lingua propia, o galego.

Continuamos camiñando até chegar á estatua de Rosalía que se ergue mirando cara á cidade de Compostela, como se viñese desde Padrón. A nosa poeta universalmente coñecida naceu nesta cidade, nela viviu e nela naceron algúns dos seus fillos. Tamén aquí está a súa derradeira morada, no Panteón de Galegos ilustres por ela inaugurado, e onde queremos que os seus ósos e os doutros ilustres galegos e galegas repousen para sempre.

Rosalía de Castro, a que elevou a lingua do seu pobo a xoia literaria e a través dos seus poemas deuna a coñecer en todos os recunchos do planeta, está sentada fronte á catedral, fronte á igrexa que non a comprendeu nin a aceptou. Co rostro pousado na man, se cadra repite mentalmente as verbas do poema "Adeus" de *Follas Novas*:

*Cando volver, se volvo, tod'estará ond'estaba,
Os mesmos montes negros y as mesmas alboradas
D'o Sar e d'o Sarela, mirandose n'as auguas,
Os mesmos verdes campos, as mesmas torres pardas,
D'a catredal severa, olland'as lontananzas:*

E si

todo está onde estaba, os montes aínda negros,
as mesmas alboradas sobre os muíños secos
e cansos do Sarela. O mesmo aire severo
da catedral que segue mandando en terra e ceo
Mais xa non tantos campos, nin tan verdes vexo,
e a túa lingua, a nosa, aí, esa si!, desprézana os mesmos.